

Resolución pola que se nomea a comisión de valoración do procedemento para a selección do posto de director/a de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

En data do 25 de xuño de 2024 aprobouse resolución da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, pola que se convoca o procedemento para a selección do posto de director/a de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, e se aproban as bases reguladoras da convocatoria.

No base sétima, dise o seguinte:

"7. Órgano de selección O órgano de selección estará constituído por unha comisión de valoración nomeada por resolución da Directora-Xerente da Fundación Cidade da Cultura para o efecto, e que se publicará na páxina web da Fundación con carácter previo ao comezo do procedemento selectivo.

<https://www.cidadedacultura.gal/gl/transparencia-e-goberno-aberto/informacion-de-persoal/convocatorias-procesos-selectivos>

A comisión, no seu funcionamento e actuación, axustarase ás instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

Tendo en conta o anterior, a Directora-Xerente, atendendo ao contido das bases, resolve:

Primeiro.- Nomear como membros da comisión de valoración do procedemento para a selección do posto de director/a de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, Fundación Cidade da Cultura de Galicia, ás seguintes persoas:

Presidente:

Titular: Benito García Caramés, Director da Oficina Técnica da Fundación Cidade da Cultura de Galicia e funcionario A1.

Secretario/a

Titular: Santiago González Prado, Director Económico-Financeiro da Fundación Cidade da Cultura de Galicia e funcionario A1.

Vogal 1

Titular: María del Carmen Calviño Rodríguez, Subdirectora Xeral de Arquivos e Museos. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e funcionaria A1.

Vogal 2

Titular: María Angeles Antón Vilasánchez. Coordinadora xeral e Xerente. Axencia Galega das Industrias Culturais e funcionaria A1).

Segundo.- Publicar a presente resolución na páxina web <https://www.cidadedacultura.gal/gl/transparencia-e-goberno-aberto/informacion-de->



[persoal/convocatorias-procesos-selectivos](#) e convocar aos membros titulares para a sesión constitutiva do tribunal de selección.

Terceiro.- Nos casos nos que sexa procedente, as suplencias aos postos indicados, sempre a través de persoal funcional do grupo A1, serán publicadas na páxina web da Fundación Cidade da Cultura de Galicia

**En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.
A Directora-Xerente
Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Ana Isabel Vázquez Reboredo**

